



Plan de igualdade, diversidade e inclusión do IES de Rodeira

Novembro 2019



Plan de igualdade, diversidade e inclusión do IES de Rodeira

Índice

I. ASPECTOS PREVIOS.

II. ARGUMENTACIÓN NORMATIVA.

- I.1. O traballo a prol da igualdade no IES de Rodeira.
- I.2. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero, coa LGBTifobia e coa inclusión das persoas con algunha discapacidade.
- I.3. Eixos principais de actuación.

II. ARGUMENTACIÓN NORMATIVA.

- II.1. Argumentación normativa XERAL do plan.
- II.2. Argumentación normativa en relación coa "Igualdade de xénero e a prevención da violencia machista".
- II.3. A argumentación normativa en relación coa "Diversidade de orientación afectivo-sexual e de identidade de xénero".
- II.4. A argumentación normativa en relación coa "Inclusión educativa e social das persoas con discapacidade".

III. OBXECTIVOS.

IV. MEDIDAS e ACTUACIÓNS.

- IV.1. Medidas organizativas de centro.
- IV.2. Medidas curriculares e complementarias.
- IV.3. Medidas en relación coa xestión dos espazos.
- IV.4. Medidas en relación coa convivencia escolar.

V. SEGUIMIENTO e AVALIACIÓN.

VI. CONCLUSIÓN.

I. ASPECTOS PREVIOS.

I.1. O traballo a prol da igualdade no IES de Rodeira.

O IES de Rodeira (Cangas) ten unha extensa traxectoria no traballo a prol da igualdade entre as persoas. Mostra disto é:

- a súa participación nas convocatorias anuais dos Contratos-programa, na liña de promoción da convivencia e da igualdade,
- a súa participación en diferentes Plans proxecta, como o de "365 días de respecto e igualdade",
- a colaboración cos corpos e forzas de seguridade do Estado a través do Plan Director,
- a promoción de metodoloxías activas, participativas e cooperativas: a aprendizaxe cooperativa,
- a organización dos grupos de alumnado atendendo a criterios de heteroxeneidade en función do sexo, necesidades específicas de apoio educativo, etc,
- a colaboración coa administración autonómica e local, e coas entidades sen ánimo de lucro da contorna:
 - Obradoiros de educación afectivo-sexual a cargo do técnico municipal de prevención do Concello de Cangas.
 - Obradoiros a cargo do Centro Quérote de Vigo.
 - Colaboración con entidades que traballan en beneficio das persoas con discapacidade: Asociación Juan XXIII (sede de Cangas), Asociación Síndrome Down Vigo, ...
- a posta en marcha de actuacións relacionadas directamente coa igualdade, diversidade e inclusión educativa (algunhas das cales serán incorporadas ao presente plan):
 - Obradoiros formativos para o alumnado e profesorado sobre identidade de xénero.
 - Conmemoracións de datas tan senlleiras coma o 25 de novembro (Conmemoración do Día Internacional contra a violencia de xénero), 8 de marzo (Día internacional da Muller), etc...
 - Aplicación dos protocolos educativos publicados nos últimos anos pola Consellería de Educación:
 - Protocolo de consenso para a sensibilización en Igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero na Educación en Galicia (educonvives, soamente edición impresa).
 - Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero. Consellería de Educación. Abril, 2016.
 - Protocolo xeral de acoso e ciberacoso escolar.
 - Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.

I.2. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero, coa LGBTIfobia e coa inclusión das persoas con algunha discapacidade.

A falta dun estudo polo miúdo, con datos estatísticos e base científica, a percepción que temos é que, a pesar do camiño percorrido, queda moito por facer para acadar unha situación de igualdade, respecto e inclusión das persoas en relación co seu xénero, diversidade de orientación sexual, diversidade na identidade de xénero, e diversidade funcional (ou discapacidade).

Poderíamos dicir que estamos aínda nun momento de integración, segundo o cal: persoas diferentes comparten un mesmo espazo e son receptoras dun mesmo proxecto educativo. Persoas diferentes ao “estándar establecido ou patrón maioritario” que xa non sofren de xeito explícito a discriminación nin a exclusión, posto que dende hai anos o discurso do “politicamente correcto” pasou a formar parte das nosas vidas. E con iso pareceu e parece que o fin estaba e está acadado. Non obstante, segue habendo moitas desigualdades que veñen de tempo atrás.

Algúns exemplos da situación de desigualdade existente no centro son: a maioría das entrevistas coas familias do alumnado realizadas polo profesorado son con mulleres (nais, avoas ou titoras legais do alumnado); percibimos que existe unha presión académica moi desigual en función do xénero do alumnado, que acaban producindo situacións ansióxicas no alumnado feminino; por outro lado a maioría das amoestacións ou faltas de conduta recaen en alumnado masculino; temos un equipo directivo formado por cinco persoas, catro das cales son homes; a presenza de homes nos equipos docentes dos diferentes cursos vai en aumento a medida que sube a idade do alumnado e o nivel e etapa de escolarización; o alumnado LGBTIQ+ non se manifesta con liberdade xa que poida que existan barreiras que dificulten a súa visibilización; nalgúns casos o alumnado con discapacidade do noso centro non está plenamente integrado socialmente nin sempre se teñen en conta as súas necesidades nas decisións organizativas ou de xestión, etc...

A maior fortaleza coa que conta o IES de Rodeira para atallar estes e outros desequilibrios é un claustro de profesorado dinámico, receptivo ás necesidades do alumnado e da sociedade, e comprometido coa constante mellora educativa. De feito, na actualidade xa se están desenvolvendo numerosas accións positivas para dar resposta a estes desequilibrios e necesidades. Accións que incorporamos dentro do apartado IV: Medidas e actuacións.

I.3. Eixos principais de actuación.

O plan de igualdade do IES de Rodeira está deseñado sobre tres eixos principais:

1. Igualdade de xénero e prevención da violencia machista.
2. Respecto á diversidade en canto a orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.
3. Inclusión educativa e social das persoas con discapacidade.

II. ARGUMENTACIÓN NORMATIVA.

II.1. A argumentación normativa XERAL do plan está baseada na:

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Artigo 2.
- Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Título III. Artigo 21 sobre "Non discriminación".
- Constitución Española. Artigo 14 e artigo 27.2.
- LOMCE: Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, que modifica a LOE: Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Art. 1.c (sobre Principios) e artigo 124.
- Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da ESO e Bacharelato en Galicia.
 - O artigo 4, sobre "Elementos transversais", establece no punto 2 o seguinte:

*"A consellería con competencias en materia de educación fomentará o **desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual**".*
 - Art. 10.c. de Principios e obxectivos na ESO.
 - Art. 26.c. de Principios e obxectivos no Bacharelato.
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia.
- As Instrucións do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, FP e innovación educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020, nos centros sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Estas instrucións establecen que:

O plan de igualdade elaborado formará parte do Proxecto educativo do centro, e desenvolverase anualmente no marco da Programación xeral anual.

II.2. A argumentación normativa específica en relación coa "Igualdade de xénero e a prevención da violencia machista" está baseada:

- A LOE / LOMCE, no artigo 1 establece como principio da educación *“o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”*. E o artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a *“educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”*.
- Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, da Secretaría xeral de igualdade, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero.
- Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

II.3. A argumentación normativa específica en relación coa "Diversidade de orientación afectivo-sexual e de identidade de xénero" está baseada:

- Principios de Yogyakarta. Principios sobre a aplicación da lexislación internacional de dereitos humanos en relación coa orientación sexual e a identidade de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de Lesbianas, Gays, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais en Galicia. O Capítulo V sobre "Medidas no ámbito da educación" establece que:

*"A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia". **"Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero"**.*
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero. Consellería de Educación. Abril, 2016.

II.4. A argumentación normativa específica en relación coa "Inclusión educativa e social das persoas con discapacidade" está baseada:

- A Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (2006). Ratificada por España en 2008. O Preámbulo deste texto internacional establece que:

"É preciso garantir que as persoas con discapacidade exerzan plenamente os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, sen discriminación (...) e en igualdade de condicións coas demais persoas".

A Convención contempla no art. 8 (toma de conciencia) como medidas, entre outras:

Fomentar en todos os niveis do sistema educativo (...) unha actitude de respecto dos dereitos das persoas con discapacidade. Promover programas de formación sobre sensibilización que teñan en conta ás persoas con discapacidade e os seus dereitos.

- Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social dos minusválidos (persoas con discapacidade).
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Real Decreto 1276/2011, de 16 de setembro, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei galega 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020.
- Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.

III. OBXECTIVOS que se abordan no plan.

- Implicar á maioría da comunidade educativa na defensa real da igualdade de xénero.
- Eliminar os estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
- Acadar que a perspectiva de xénero forme parte da programación de aula en todas ou case todas as materias seguindo o principio de transversalidade.
- Visibilizar as desigualdades no emprego, no fogar, económicas, ... anteriores e actuais.
- Sensibilizar ao alumnado para detectar relacións desiguais entre eles e elas.
- Previr, detectar e intervir nos casos de violencia de xénero.
- Coñecer o *sesgo* de xénero que existe na elección de itinerarios académico-profesionais.
- Dar a coñecer a realidade do colectivo LGBTI+, promovendo a tolerancia e o respecto pola diversidade afectivo-sexual e a diversidade na identidade de xénero.
- Previr, detectar e intervir en casos de LGBTIfobia.
- Crear un ambiente de seguridade e confianza para o alumnado LGTBI+.
- Promover a inclusión real do alumnado con discapacidade.
- Coñecer os diferentes colectivos que traballan a prol das persoas con discapacidade.
- Contactar cos recursos de inserción laboral que traballan coas persoas con discapacidade.

IV. MEDIDAS e ACTUACIÓNS.

IV.1. Medidas organizativas de centro.

- Elección de delegado/a e subdelegado/a cun equilibrio entre nenas e nenos.
- Reparto equitativo entre o profesorado home e muller dentro dos equipos docentes.
- Reparto equilibrado de cargos e coordinacións entre o profesorado home e muller.
- Nomeamento de, cando menos, dúas ou tres mulleres entre os cinco membros do equipo directivo.
- Incorporación nos plans e programas de centro a perspectiva de xénero, a realidade LGBTI+ e a diversidade funcional (ou discapacidade).
- Celebración das diferentes conmemoracións relacionadas coas tres liñas de actuación do presente plan.
- Asignación a un/s membro/s do claustro a responsabilidade de "Coordinador/a de igualdade".
- Incorporación dalgunha pregunta relacionada co "xénero outorgado e xénero sentido" nos cuestionarios para o coñecemento do alumnado que habitualmente pasa o profesorado-titor a comezo de curso.
- Impulso á formación do profesorado en temas relacionados coa: identidade de xénero, abuso sexual na infancia, características asociadas a determinadas discapacidades, etc...

IV.2. Medidas curriculares e complementarias.

- Revisión das programacións didácticas co fin de incluír a perspectiva de xénero, a realidade LGBTI+ e a diversidade funcional (ou discapacidade), e completar así a historia da humanidade.
- Visibilización dentro das programacións didácticas daqueles logros ou achados feitos por persoas cunha discapacidade no deporte, na ciencia, na arte ou na literatura.
- Promoción dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade e nos documentos do centro.

- Ser coñecedores do catálogo elaborado pola administración local sobre recursos bibliográficos e audiovisuais que traballa aspectos relacionados coa igualdade, diversidade e inclusión (fondo documental "Dolores Blanco").
- Participación no fondo documental municipal "Dolores Blanco" mediante a incorporación dos recursos bibliográficos e audiovisuais da biblioteca do IES de Rodeira.
- Escolla de lecturas obrigatorias, voluntarias ou suxeridas cun reparto equitativo na autoría entre homes e mulleres, así como deberá escollerse, cando menos, unha lectura ao ano por curso que aborde temas relacionados coa igualdade de xénero, diversidade LGBT e discapacidade.
- Adaptación dos recursos didácticos e das actividades complementarias para que poidan ser accesibles a todas as persoas, incluídas as persoas con discapacidades, sexa do tipo que sexa, en liña co principio de "accesibilidade universal".
- Creación dun blog onde agrupar os contidos do centro relacionados coa Igualdade: <https://igualdaderodeira.blogspot.com/>
- Elaboración dunha programación por niveis da hora de titoría na ESO e FP básica na que, cando menos, unha vez por trimestre traballe a relación entre iguais e as relacións de parella adolescentes mediante curtas, cancións, textos, dinámicas... (o ideal é realizar cada ano unha concreción do Plan de Igualdade, na que se recolla as actuacións previstas para o curso escolar que se inicia).
- Redución da fenda de xénero que existe na elección de itinerarios académico-profesionais.
- Colaboración cos servizos municipais que traballan cos colectivos obxecto deste plan; especialmente co Centro de Información á Muller (CIM) de Cangas, o técnico municipal de prevención e cos Servizos sociais Municipais.
- Colaboración coas entidades sen ánimo de lucro que traballan con menores transexuais e con persoas con algún tipo de discapacidade.
- Coñecemento das iniciativas que se veñen desenvolvendo noutros centro educativos da nosa contorna, en relación coa igualdade e a diversidade afectivo-sexual e a identidade de xénero.
- Creación dun banco de recursos sobre igualdade e inclusión, non soamente audiovisuais, para as horas ou días de garda (especialmente para o alumnado que non vai as saídas fóra do centro ou non secunda as folgas). Podería denominarse como "Recursos para profesorado en apuros".

- Revisión da oferta educativa de cara a incorporar a materia de libre configuración autonómica para 1º ou 2º da ESO de “Igualdade de xénero” (art. 2.2 da Orde de 13 de xullo de 2016).
- Conmemoración de datas non incorporadas tradicionalmente aos actos celebrados no centro, como poden ser: o 3 de decembro: Día internacional das persoas con discapacidade; o 31 de marzo. Día internacional da visibilidade TRANS*, o 2 de maio. Día internacional contra o acoso escolar (02 de maio), o 17 de maio. Día internacional contra a LGTB fobia, e outras.

IV.3. Medidas en relación coa xestión dos espazos.

- Reforma dalgúns dos baños do centro para convertelos en “servizos para todxs”. Baños que poidan ser compartidos entre mulleres, homes e persoas transexuais, sen distinción por ser alumnado, familiares, profesorado ou persoal de administración e servizos.
- Reserva dun aula/espazo no centro durante un recreo á semana para que o alumnado que quere promover iniciativas a prol da igualdade de xénero e da visibilización da realidade LGBTI+ poida, en colaboración co profesorado, deseñar as súas actuacións.
- Creación dun apartado específico na biblioteca do centro con recursos sobre igualdade de xénero, a diversidade na orientación sexual e a identidade de xénero.
- Deseño dunha “xincana para capaces”, co obxectivo de que o alumnado experimente ou se achegue ás dificultades que poden ter as persoas con algún tipo de discapacidade.
- Planificación das actividades e a ocupación do patio para favorecer a igualdade e a inclusión, en liña coa medida de “recreos escolares inclusivos” que se desenvolve nalgúns centros educativos.

IV.4. Medidas en relación coa convivencia escolar.

- Participación de alumnos e alumnas nas medidas que promoven unha convivencia positiva: alumnado axudante en 1º ESO, alumnado mediador en 2º da ESO, alumnado mediador-titor en 3º da ESO, etc...
- Sensibilización do alumnado cara a discapacidade mediante a utilización de recursos audiovisuais, o coñecemento de recursos da contorna, e participando en proxectos de aprendizaxe-servizo en relación con este tema.

V. SEGUIMIENTO e AVALIACIÓN do plan.

Entendemos o seguimento e avaliación deste Plan coma un proceso de recollida de información e a súa valoración, coa finalidade de tomar de decisións que permitan mellorar a súa eficacia. A avaliación debe ter un carácter continuo (inicial, procesual e final) e estrará integrada en cada momento e actuación, aínda que debemos planificar accións específicas que aporten rigor, transparencia e sistematicidade.

O art. 16 da Orde de 21 de decembro de 2007, que regula a avaliación na ESO, fai referencia a “avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente” e establecen que o profesorado avaliará, entre outros aspectos, o *“grao de desenvolvemento das programacións, a súa adecuación ao alumnado e a eficacia das medidas (...)*. *As conclusións da avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora, unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final”*.

O Decreto 86/2015 de currículo das etapas da ESO e Bacharelato no art. 21 (ESO) e no art. 33 (Bach.) establece que *“o profesorado avaliará os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que se establecerán indicadores de logro nas programacións”*.

O procedemento para avaliar o presente plan será mediante as reunións ordinarias da comisión de coordinación pedagóxica (CCP), incluíndo o seguinte punto na orde do día: “Seguimento do desenvolvemento do Plan de igualdade, diversidade e inclusión”.

Algúns dos instrumentos para realizar a avaliación do plan serán: as actas das reunións da CCP, as valoracións proporcionadas polo responsable de igualdade, polo responsable da aula de convivencia, polo profesorado titor, polos orientadores educativos, polo equipo directivo e polos demais membros do claustro, atendendo ao grao de cumprimento dos obxectivos e das actuacións programadas.

VI. CONCLUSIÓN.

Este Plan foi elaborado coa modesta intención de ofrecer unha proposta realista e realizable. O apuro no prazo para a súa elaboración, dende a publicación da Orde do 6 de setembro de 2019, dificultou un debate de maior fondura, a análise detallada da situación do centro en materia de igualdade, e acadar un maior consenso en relación coa proposta de actuacións.

Cangas, 11 de novembro de 2019

